

ACTA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE DEPORTES, XUVENTUDE E VIDA SAUDABLE

No Pazo Provincial, sendo as 12:00 horas do día 19/04/2024, reúnese a Comisión de Deportes, Xuventude e Vida Saudable, baixo a presidencia de D^a. **M^a LUISA SANCHEZ MENDEZ**, sendo a súa suplente **D^a. M^a SANDRA BASTOS RODRIGUEZ**, e coa asistencia das seguintes deputadas/os: **D. RAFAEL DOMINGUEZ ARTIME, D. JORGE CUBELA LOPEZ, D. ROBERTO ALVAREZ CARRERA** en substitución de D. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS, **D^a M^a PILAR RAMALLO VAZQUEZ, D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, D. JESÚS VAZQUEZ ALMUIÑA, D^a M^a NAVA CASTRO DOMINGUEZ, D^a. ANA LAURA IGLESIAS GONZALEZ, D. CARLOS GOMEZ PRADO, D. PACO FERREIRA GONZALEZ, D^a. DIGNA RIVAS GÓMEZ** en substitución de D^a NURIA RODRIGUEZ RODRIGUEZ, **D. GORKA GOMEZ DIAZ, D. JAVIER IGLESIAS MOUGAN, D^a BEATRIZ LOMBA RODRIGUEZ E D^a. MARIA ORTERA IÑARREA.**

Actúa como Secretario **D. ANTONIO SANTOS GUERRA.**

Aberto o acto pola Presidencia, procédese ó estudio dos asuntos que figuran na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1.- LECTURA E APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA ANTERIOR.

Non existindo ningún reparo, apróbase por unanimidade, a acta de 22 de marzo de 2024

2.-DAR CONTA DA APROBACION DO CONVENIO DE COLABORACIÓN: “COPA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA FEMININA E MASCULINA 2024”

Convenio asinado entre a Deputación de Pontevedra e la Real Federación Galega de Fútbol por importe de 120.000,00 €

Teñen o dereito a participar nesta competición masculina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra, Santiago e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría afeccionados de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador.

Teñen o dereito a participar na competición feminina os equipos da Provincia de Pontevedra, adscritos ás Delegacións de Pontevedra, Santiago e Vigo, inscritos nas distintas divisións da categoría sénior feminino de ámbito autonómico que non teñan a condición de dependentes ou filiais de participar o equipo principal ou patrocinador.

Os importes a percibir pola participación (tanto feminina como masculina) serán os seguintes:

- Aos equipos preferentes: 800,00 €
- Aos equipos de 1^a Galicia: 500,00 €
- Aos equipos de 2^a e 3^a Galicia: 300,00 €

3.- DAR CONTA DA APROBACIÓN DOS SEGUENTES CONVENIOS:

- CLUB CICLISTA RIAS BAIXAS con data 21/03/2024 e por importe de 35.000,00 €
- CLUB BALONMÁN ATLETICO GUARDÉS con data 21/03/2024 e por importe de 45.000,00 €

4.- ROGOS E PREGUNTAS

Non hai.

E non habendo máis asuntos que tratar e sendo as 12:05 horas do indicado día, dáse por concluída a reunión do que eu Secretario dou fe.

